

Comunicado nº 273/19

17 de outubro de 2019

DEPORTISTA GALEGO DE ALTO NIVEL 2019:

Estimado/a deportista:

A través deste comunicado informámosche que a Fundación Deporte Galego ven de **publicar hoxe, mércores 16 de outubro**, no **Diario Oficial de Galicia** o anuncio da Convocatoria de Axudas a Deportistas Galegos de Alto Nivel 2019, baixo a denominación “*Convocatoria de AXUDAS DGAN 2019*”, e que se enmarca no plan de axudas á preparación dos/as deportistas galegos/as de alto nivel. Este plan é unha actuación máis na liña de apoiarte para que sigas mellorando o teu rendemento deportivo e co que pretendemos axudarte na túa dedicación ao deporte de alto nivel.

Esta convocatoria conta nesta ocasión con **seis tipos de axudas**: Axuda DGAN 1, Axuda DGAN 2, Axuda DGAN 3, Axuda DGAN 4, Axuda DGAN 5 e Axuda DGAN 6, que serán asignadas **segundo os resultados deportivos** que tiveras acadados **durante o ano 2018** (non se valorarán resultados acadados en anos anteriores ou posteriores) e que a túa Federación Galega poida acreditar posteriormente á túa solicitude.

As devanditas bases desta convocatoria estarán á vosa disposición na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> e na web <http://deporte.xunta.gal> dende **mañá xoves 17**, data na que comezará o prazo de presentación de solicitudes, **rematando o vindeiro mércores 30 de outubro de 2019**.

Recórdase as seguintes **observacións**:

1. Como nas edicións anteriores, ademais de manter a liña tradicional de presentación presencial en formato papel, poderás cursar a solicitude de axuda de **forma telemática**. Terás á túa disposición os formularios normalizados (anexos I e II) na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. Poderás utilizar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da propia Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>) habilitándose un enlace na Guía de procedementos e servizos co **código PR961A** (que estará dispoñible a partir de mañá, día 17 de outubro).
2. Poderedes solicitar axuda todos/as aqueles/as deportistas que esteades ou estiverades recoñecidos pola Secretaría Xeral para o Deporte coma Deportistas de Alto Nivel **nalgún momento dos anos 2018 e/ou 2019 (aínda que a día de hoxe non estea vixente o recoñecemento)**.
3. **Novidades:**
 1. Poderás presentar a solicitude en formato papel en calquera rexistro oficial polo que se poida achegar documentación ás Administracións Públicas, tal e como se indica no apartado 5 das bases.
 2. Deberás remitirnos unicamente cuberto o anexo I de Solicitude e, se fora o caso, o anexo II de Autorización de representación (menores de idade ou outros casos de representación legal).
 3. Non será necesario que acudas á túa Federación Deportiva Galega correspondente para que te cubran o certificado de resultados, pois o mesmo seralles solicitado directamente por parte da Fundación Deporte Galego.Para calquera dúbida, poderedes contactar co técnico deportivo responsable desta convocatoria, Luciano Díaz, no teléfono 881.996.375 ou no correo electrónico: luciano.diaz.martinez@xunta.gal

De Don José Ramón Lete Lasa
Presidente da Fundación Deporte Galego

Para consultas a :
Departamento administrativo Tlfno: 881996373
deporte.xunta.gal